



Eva Díez. #Sen título. 2017

MEDIR UN CORAZÓN

“The tiniest piece of mirror is always the whole mirror”
Roni Horn

Viñeron
medir o teu corazón con métodos xeodésicos.
Sosteñen
cordeis por riba das brañas;
triangulan
as túas pedras de abalar, as leis non escritas,
a memoria dun verxel nos lindes do deserto.
Pero acaso saben algo do desexo? *Daquela neve
que caeu cando querías que nevase?*
Faloulles alguén
da túa colección de pensamentos en terrarios victorianos,
dese corredor que agochas entre o ventrículo esquerdo e a aorta
e avanza, coma o camiño ás tumbas Ming ou ao ceo,
punteado por parellas de leóns, camelos, elefantes,
gardiáns imperiais e criaturas míticas
extraídas dun único bloque de mármore?

Ti xa non estás alí. Obsérvalos traballar coma un enxame,
usan cuadrantes, artiluxios,
tanta intuición coma forza; imitan
a quen calculou a distancia entre Paris e Amiens
contando as voltas que daban as rodas da súa carruaxe.

Viñeron
medir o teu corazón con métodos xeodésicos.
Deulles por amontoar as ferramentas na casoupa
na que se dobra a teaza do crepúsculo, esa crisálida,
con tan mala sorte que a marcaron, e agora
cóase por ela a luz doutro mundo, coma nun lenzo de Fontana.

A dicir verdade, es paciente con eles.
Nalgún punto, hanse perder nas extensións ocre
dos recordos inventados, sen dúbida, e nos bosques cársticos,
causaranlles mareos as refraccións do desengano;
mais ti non dirás palabra, non desvelarás un ápice
da paisaxe:

queda dentro a luz, as herbas altas,
algo fai crepitar, alén da aorta,
o sangue que se afasta.

Alba Cid